Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

as bolsas de solo urbanizable citadas correspóndense co solo así clasificados polas normas de planeamento.

O Concello de Foz presentou alegación ao Plan de Ordenación do Litoral solicitando que se inclúsen as delimitacións de Núcleos Rurais sometidos á aprobación da Comisión Provincial de urbanismo con datas 06/02/1991 e 08/05/1991.


Como consecuencia do informe solicitado ao respecto á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, emitido con data 11/10/2010, estímase a alegación atendendo á conclusión do referido informe, e procédese á inclusión dos núcleos referidos na serie cartográfica 'Modelo de Xestión' para o documento de aprobación definitiva.

Por último, o parque empresarial de Foz, na Cal do Uceiro, incorpórase á cartografía como ámbito xa desenvolvido por un Plan parcial e polo tanto como ámbito onde non resulta de aplicación o Plan de Ordenación do Litoral."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **números.: 55570 a 55687, 55830 a 55835, 55837 a 55901, 55930 a 56032 e 56056 a 56143**, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas e don Modesto Pose Mesura, sobre **“o investimento realizado pola Xunta de Galicia no ano 2009 para o mantemento, a reparación ou a mellora das infraestruturas dos centros de saúde da Comunidade Autónoma”**, (publicadas en BOPG 386 e 387 do ano 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade** que ten o seguinte contido:

“O orzamento para investimentos en atención primaria foi de máis de 55 millóns de euros no ano 2009, e de máis de 50 millóns de euros no ano 2010.

Unha importante proporción deste investimento destinouse ás tecnoloxías da información e comunicación para facer posible a extensión da historia clínica e receita electrónica na práctica totalidade dos centros de toda a Comunidade Autónoma.

O 2010 comezou con 176 centros de Atención Primaria con receita electrónica e cun 43,9% da poboación beneficiada. O 2010 finalizou con 443



centros de Atención Primaria con receita electrónica, o 92% do total, que teñen adscrita o 98% da poboación.

O investimento restante correspóndese coas actuacións de mellora de infraestructuras e equipamento, así como para centros novos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/jr

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

14 ABR. 2011

Núm. 63965

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

13 ABR. 2011

SAÍDA

Núm. 7503

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 56393**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Teresa Táboas Veleiro e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as actuacións emprendidas pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística por unha construción presuntamente ilegal do Ministerio de Fomento en Acuña (Vilaboa)."**, (publicada no BOPG nº 383, do 29 de decembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O órgano competente da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística acordou, con data 21 de decembro de 2010, incoar expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras co obxecto de determinar a compatibilidade ou non da actuación co ordenamento urbanístico e, de ser o caso adoptar as medidas que correspondan para a reposición da legalidade urbanística.

Con respecto á execución das obras sen licenza, o artigo 198 .1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dispón que as obras que promovan órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público estarán igualmente suxeitas a licenza municipal, agás nos supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

O artigo 12 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, sinala que as obras de construción, reparación ou conservación de estradas estatais, por constituír obras públicas de interese xeral, no están sometidas aos actos de



control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1.b de la Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

O artigo 55 do Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro polo que se aproba o Regulamento General de Carreteras, establece que é elemento funcional da estrada os centros operativos para a conservación e explotación da mesma. Os terreos ocupados polos elementos funcionais das estradas, así como as instalacións para a súa conservación e explotación, teñen a consideración de bens de dominio público.

De conformidade co disposto polo artigo 117 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, desde a data de conclusión de todas as dilixencias informativas previas (con rexistro de entrada a APLU do 26 de novembro de 2010), ata que o 21 de decembro de 2010 se incoou o expediente, transcorreu menos dun mes.

O acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística notificóuselle ao Concello de Vilaboa o 29 de decembro de 2010 segundo consta no aviso de recibo de correos que obra no expediente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**Roberto Castro García**

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 58252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Xabier López Vidal, sobre **“o estado de cumprimento dos contratos adxudicados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a subministración de postes de parada e refuxios para a espera de autobuses destinados ás áreas de transporte metropolitano de Galicia, e os datos referidos ao desenvolvemento do proceso, así como á distribución deses elementos”**, (publicada no BOPG núm. 407, do 10 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Aos tres procesos de contratación presentáronse un total de 50 solicitudes, das que foron admitidas finalmente 27. A valoración das ofertas realizouse conforme aos criterios detallados nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron os procedementos de contratación, atendendo á oferta económica, prazo de subministro, prazo de garantía e calidade do deseño.

As empresas adxudicatarias foron no caso do contrato de ‘subministración e depósito de refuxios para espera de autobuses de primeiro nivel’ a empresa Servicio del Automatismo y Metal, S.L.U., cun orzamento de 265.410 euros + IVE. No segundo procedemento para a ‘subministración e depósito de refuxios para espera de autobuses de segundo nivel’ resultou adxudicataria a empresa Señalética y Mobiliario Urbano de Andalucía, S.L., cun orzamento de adxudicación de 453.498,80 euros + IVE. Por último, no terceiro procedemento



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


para a 'subministración e depósito de postes de parada de autobuses' resultou adxudicataria a empresa Servicio del Automatismo y Metal, S.L.U, cun orzamento de 123.000 euros + IVE.

No referente á distribución destas infraestruturas, cómpre indicar que a Dirección Xeral de Mobilidade tenlle remitido aos concellos das distintas áreas de transporte metropolitano un inventario das paradas de transporte público autorizadas, co fin de que informen sobre as necesidades de instalación de refuxios. O citado centro directivo analizará estas necesidades para intentar adecualas á dispoñibilidade de refuxios e postes de parada existentes."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 58740**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Alfredo Suárez Canal e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“os datos relativos aos xefes de servizo e asimilados de libre designación existentes nos distintos departamentos da Administración galega”**, (publicada no BOPG núm.: 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información requirida nesta iniciativa xa foi ofrecida ao Parlamento ao dar resposta á pregunta 58741 na sesión da Comisión 1ª celebrada o 6/04/2011. Remitímonos ao alí exposto .”



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59209**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **“as infraestruturas sanitarias realizadas polo actual Goberno galego nos dous anos que leva de xestión”**, (publicada no BOPG núm. 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As infraestruturas sanitarias realizadas son:

- Hospital Lucus Augusti: rematamos a obra, dotando con equipamento, realizamos o traslado e puxémolo en funcionamento.
- CHUVI: Reforma UCI Neonatal, nova sala de hemodinámica. Nova sala radioloxía intervencionista.
- Fase II CHUAC: licitación, adxudicación e comezo das obras.
- C. H. Pontevedra: reforma integral da área cirúrxica.
- CHUS: rematamos a obra das fachadas do Hospital de Conxo. Ampliamos a área de medicina xenómica. Reforma da área de Rehabilitación Psiquiátrica. Unidade de Fecundación in vitro.
- CHOU: Sala dixital de Radioloxía Intervencionista.
- SALNES: rematamos as obras do 3º andar e puxémolo en funcionamento.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

-Novo Hospital de Vigo: Realizamos a expropiación dos terreos e a licitación e adxudicación do novo Hospital de Vigo.


-Novo Hospital de Pontevedra: licitación, adxudicación e presentación do anteproxecto.

En canto aos centros de saúde, a conselleira informou detalladamente no parlamento, con motivo da interpelación 53.379.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59535**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **“os motivos da demora na resolución das alegacións presentadas no trámite de exposición pública do proxecto sectorial do parque empresarial Val do Tea de Pontareas, as xestións realizadas e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto deste proxecto, así como os datos relativos á tramitación do expediente”**, (publicada no BOPG núm.: 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida por un representante do Goberno en resposta á pregunta oral en Comisión nº 59536, incluída na sesión da Comisión 6ª celebrada o 07/04/2011, á que nos remitimos.”



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59939**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López, sobre **"os datos relativos ás publicacións realizadas pola Consellería de Cultura e Turismo nos anos 2009 e 2010 e as previstas no ano 2011, en materia de difusión, promoción e investigación do patrimonio e cultura galegos"**, (publicada no BOPG núm.: 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, consciente do valor estratéxico e prioritario do sector do libro como instrumento para a expresión do dereito á creación e a promoción e divulgación da cultura, do patrimonio, da historia e da lingua galegas, acordou declarar o ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura de Galicia, así como elevar o sector do libro ao nivel de Dirección Xeral, a través da recente modificación da estrutura da Consellería de Cultura e Turismo pola que se creou a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos.

Polo que respecta aos eidos da difusión, promoción e investigación do noso patrimonio e da nosa cultura a través da edición de publicacións, a Consellería de Cultura e Turismo ven de realizar un notable esforzo orzamentario neste ámbito co gallo da celebración do Xacobeo 2010 e do Ano do Libro e da Lectura de Galicia. Así mesmo, a Sociedade de Imaxe e



Promoción Turística de Galicia, no marco da súa liña de traballo destinada á realización de accións de promoción e comunicación, efectuou un extenso labor promocional dos valores turísticos, culturais e patrimoniais de Galicia, a través da edición de publicacións turísticas, así como da edición semanal dunha newsletter con novas turísticas, mensual da revista NT (Noticias Turismo) e cuatrimestral da revista Turgalicia. Enmarcadas nestas accións, poden enumerarse as seguintes publicacións de carácter venal e turístico realizadas nos anos 2009 e 2010:

- Título: Guía de Turismo Accesible. Publicación turística.
- Título: 10 anos de bd galega. Edición 2009.
- Título: Unha achega ás artes e á cultura na Galicia dos setenta. Portas de luz. Edición 2009.
- Título: Actuacións arqueolóxicas. Ano 2007. Edición 2009.
- Título: Actuacións arqueolóxicas. Ano 2008. Edición 2010.
- Título: Seis poemas galegos de Federico García Lorca. Edición 2009.
- Título: Cristiáns puros de África. Edición 2010.
- Título: En camiño. Colección fotográfica de Silvia Steinbach. Photo collection of Silvia Steinbach. Edición 2009.
- Título: Guías de Turismo Rural. Publicación turística.
- Título: Alfredo debuxa o Camiño. Edición 2009.
- Título: Sempre quixen bailar un tango. Edición 2009.



- **Título: Ao pé do prelo. Edición 2010.**
  
- **Título: A aventura modernista nas coleccións do Museo Nacional d'Art de Catalunya. Edición 2010.**
  
- **Título: Flores de Dunsinane. Edición 2010.**
  
- **Título: Benvidos a/you are welcome to El sinore. Edición 2010.**
  
- **Título: O calendario agrícola. Edición 2009.**
  
- **Título: El calendario agrícola. Edición 2009.**
  
- **Título: O Camiño do Norte. Actas do Congreso O Camiño de Santiago para o século XXI. O Camiño do Norte. Edición 2009.**
  
- **Título: O Camiño do Sueste-Vía da Prata. Actas do Congreso O Camiño de Santiago para o século XXI. O Camiño do Sueste-Vía da Prata. Edición 2009.**
  
- **Título: Bez Názvu. Jiri Kovanda, 1970-2001. Edición 2009.**
  
- **Título: Cámara Barroca. Edición 2010.**
  
- **Título: Un camiño, distintas olladas (I). O camiño de Santiago a través da fotografía. Edición 2009.**
  
- **Título: Un camiño, distintas olladas (II). O Camiño de Santiago a través da fotografía. Edición 2009.**
  
- **Título: Un camiño, distintas olladas. O camiño de Santiago a través da fotografía. Edición 2009.**





- Título: Álvaro de la Vega. Puntos de encontro. Edición 2009.
- Título: Clemens von Wedemeyer presenta. Edición 2009.
- Título: Faustino Santalices. Tradición musical galega. Edición 2010.
- Título: Compostela. Edición 2010.
- Título: Afro Modern. Viajes a través del atlántico negro. Edición 2010.
- Título: O Condado de Lemos na Idade Media/El Condado de Lemos en la Edad Media. Edición 2009.
- Título: Cristina García Rodero. Transtempo. Edición 2010.
- Título: As esculturas ao aire libre de Waltercio Caldas. Edición 2009.
- Título: Desde Bohemia ata a fin do mundo. Edición 2010.
- Título: Desde Bohemia hasta el fin del mundo. Edición 2010.
- Título: Granada. Na Alhambra á tardiña, poema sinfónico para orquestra. Edición 2010.
- Título: Bas Jan Ader. Entre dos terras. Edición 2010.
- Título: O espectáculo da periferia 2. Edición 2009.
- Título: Santiago Peregrino. Juan de Juanes. Edición 2010.
- Título: Estigma. Edición 2009.



- **Título: Museo das Peregrinacións e de Santiago. Edición 2010.**
- **Título: Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia. Proposta de clasificación. Edición 2010.**
- **Título: Olladas do silencio. Edición 2009.**
- **Título: A expresión dramática na educación. Argumentos para situar a expresión dramática no centro do currículo. Edición 2009.**
- **Título: Compostela and Europe. The story of Diego Gelmírez. Edición 2010.**
- **Título: Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez. Edición 2010.**
- **Título: Compostela e L'europa. La storia di Diego Gelmírez. Edición 2010.**
- **Título: Compostela y Europa. La historia de Diego Gelmírez. Edición 2010.**
- **Título: Compostelle et L'europa. L'histoire de Diego Gelmírez. Edición 2010.**
- **Título: IX Bienal Lalín Pintor Laxeiro. Edición 2009.**
- **Título: Guía de arqueobotánica. Edición 2010.**
- **Título: Bon appétit. Edición 2009.**
- **Título: Familiar feelings. On the Boston group. Edición 2009.**



- Título: Familiar feelings. Sobre el grupo de Boston. Edición 2009.
- Título: Derradeira sesión. Edición 2009.
- Título: Anthology of Galician literature/Antoloxía da literatura galega (1196-1981). Edición 2010.
- Título: From I to J. Edición 2010.
- Título: Golf en Galicia. Publicación turística.
- Título: Delimvois. Edición 2009.
- Título: Translatio Sancti Iacobi. A travesía marítima do Apóstolo. Edición 2010.
- Título: Guía de hotéis e apartamentos turísticos. Publicación turística.
- Título: Guía de campamentos turísticos. Publicación turística.
- Título: Guías de aloxamentos senlleiros. Publicación turística.
- Título: Hermance. Serenata romática para banda. Edición 2009.
- Título: O home e as súas crenzas. Edición 2009.
- Título: Auga que non vas beber... Edición 2009.
- Título: Homenaxe a Anísia Miranda. Edición 2010.
- Título: The Human Stain. A mancha humana. O conceptual na colección CGAC/The Human Stain. A mancha humana. El conceptual



en la colección CGAC/The Human Stain. A mancha humana. The conceptual in CGAC collection. Edición 2009.

- Título: Implementación dun sistema de innovación na xestión do persoal en centros xestores do patrimonio documental e bibliográfico. Edición 2009.
- Título: Atlas arqueolóxico de Galicia. Comarca de Fisterra. Edición 2009.
- Título: Informe do perfil do peregrino 2007. Edición 2009.
- Título: Preguntas valentes. A ciencia, a gran peregrina. Edición 2009.
- Título: Preguntas valientes. La ciencia, la gran peregrina. Edición 2009.
- Título: Rías galegas. Publicación turística.
- Título: Costa da Morte. Publicación turística.
- Título: Camiño de Santiago. Publicación turística.
- Título: A interpretación . (Re)considerada. Edición 2010.
- Título: Juan Araujo. A través. Edición 2009.
- Título: Espectral. Obras das coleccións do CGAC. Edición 2010.
- Título: Louise Bourgeois. La sage femme. Edición 2009.
- Título: Manual básico de iluminación escénica. Edición 2009.



- Título: Terras de Pontevedra. Publicación turística.
- Título: Carteis turísticos de promoción. Publicación turística.
- Título: Manual de práctica teatral feminista. Edición 2009.
- Título: Waltercio Caldas. Máis lugares. Edición 2009.
- Título: Misa negra. Edición 2009.
- Título: A modernidade construída. Arquitectura galega. 1930-1970. Edición 2009.
- Título: Obras para violín e piano. Edición 2009.
- Título: Establecementos certificados coa marca Q.
- Título: Onde van os personaxes cando remata a novela?/¿Dónde van los personajes cuando la novela se acaba?/Where do characters go when the story is over?. Edición 2010.
- Título: Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI. Estudos. Edición 2009.
- Título: O patrimonio arqueolóxico subacuático e o comercio dos bens culturais. Edición 2009.
- Título: Escapadas por Galicia. Publicación turística.
- Título: BTT. Publicación turística.
- Título: Pel & Madeira. Repertorio básico para gaita e percusión galegas. Volume I, Cuarteto Tradicional. Edición 2010.



- **Título: De Picasso a Barceló. A colección Mayoral. Edición 2009.**
- **Título: Pingueiras e tarteiras. Edición 2009.**
- **Título: Exlibris gallaeciae. Dos libros de Galicia. Edición 2010.**
- **Título: A piragua. Edición 2009.**
- **Título: Preludios galegos op. 28. Edición 2009.**
- **Título: O punto da escarola. Edición 2009.**
- **Título: Jorge Macchi. Anatomía de la melancolía. Edición 2009.**
- **Título: O redescubrimiento do Camiño de Santiago por Francisco Pons-Sorolla. Edición 2010.**
- **Título: El redescubrimiento del Camino de Santiago por Francisco Pons-Sorolla. Edición 2010.**
- **Título: Suite Vigo. Suite sinfónica sobre cantos rexionais galegos. Edición 2009.**
- **Título: Teatro occidental: unha historia teatral desde a escenografía. Edición 2009.**
- **Título: Espazos naturais. Publicación turística.**
- **Título: Actividades mariñas. Publicación turística.**
- **Título: Regreso á orixe. Unha viaxe contemporánea, Xerusalén, Roma, Santiago. Edición 2010.**



- **Título:** Auga para os sentidos (Turismo de Saúde). Publicación turística.
- **Título:** Instalacións náutico - deportivas. Publicación turística.
- **Título:** Situación. Posfacio\_cuestionarios. Edición 2009.
- **Título:** Igrexas dos mosteiros e conventos de Galicia. Descrición gráfica das declaradas monumento. Edición 2009.
- **Título:** Festas, feiras e romarías. Publicación turística.
- **Título:** Rosalía 21. Edición 2009.
- **Título:** Mapa turístico en block. Publicación turística.
- **Título:** Susan Philipsz. There is nothing left here. Edición 2009.
- **Título:** Vieira. Pecten Maximus. Edición 2010.
- **Título:** Sendas para descubrir un país (sendeirismo). Publicación turística.
- **Título:** Rutas por Galicia. Publicación turística.
- **Título:** Turismo Activo. Publicación turística.
- **Título:** En todas as partes. Políticas da diversidade sexual na arte. Edición 2009.
- **Título:** En todas partes. Políticas de la diversidad sexual en el arte. Edición 2009.



- Título: The rururban plot. Working documents. Edición 2009.
- Título: Giseliña. Edición 2010.
- Título: Sebastián Romo. De los órdenes invisibles. Edición 2009.
- Título: Álbums para o reencontro. Ribadavia e os Ribadavienses. VII Festa. Edición 2010.
- Título: Vive Galicia. Publicación turística.
- Título: Jiri Kovanda. Pink carpet. Edición 2009.
- Título: Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1990. Ramón Piñeiro, Basilio Losada. Edición 2009.
- Título: Congresos e incentivos. Publicación turística.
- Título: Situación. Rubén Santiago. Edición 2009.
- Título: Folleto de presentación de Galicia. Publicación turística.
- Título: Sopa de xarope de amora. Edición 2010.
- Título: Galería de arte (museos e centros culturais). Publicación turística.
- Título: Superficies subterráneas. Edición 2010.
- Título: Ribeira Sacra. Publicación turística.
- Título: Ferrol e Ortegál. Publicación turística.





- Título: Da Terra de Lemos ao Reino de Galicia. Edición 2009.
- Título: La trama rururbana. Documentos de trabajo. Edición 2009.
- Título: A trama rururbana. Documentos de traballo. Edición 2009.
- Título: Urbanismo en Lugo 1917-1970 : Documentos de urbanismo no Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Edición 2010.
- Título: Viaje a España 1868. Edición 2010.
- Título: Mapa turístico. Publicación turística.
- Título: Miradoiro Galicia. Edición 2010.
- Título: Pequena historia da fotografía. Edición 2009.
- Título: Villancico extrafino. Retablo escénico en catro cadros. Edición 2009.
- Título: Proxecto-edición: 08. Edición 2009.
- Título: Xuntas do Reino de Galicia. Actas. Vols XVI-XXI, 1712-1764. Edición 2009.
- Título: Xuntas do Reino de Galicia. Actas. Vols. XXII - XXIV 1775-1794. Edición 2009.
- Título: Xuntas do Reino de Galicia. Actas. Vols. XXV-XXVII 1800-1834. Edición 2010.
- Título: Arquitectura contemporánea. Publicación turística.



- Título: Rubén Grilo. Situación. Edición 2009.
- Título: Centros históricos de Galicia. Publicación turística.
- Título: Rueiros das cidades galegas. Publicación turística.
- Título: Guías informativas das cidades. Publicación turística.
- Título: Galicia, cidades para gozar, cidades para vivir. Publicación turística.

Polo que respecta ao presente ano, entre outras accións, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, ten previsto destinar de xeito específico aos conceptos de difusión e publicacións culturais no marco dos que se realiza a edición e coedición de libros e publicacións en distintos soportes, tal e como se recolle nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2011, un total de cento corenta e cinco mil euros.

Así mesmo, tal e como se recolle na memoria dos orzamentos 2011 e programa de actuacións, investimentos e financiamento da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, está previsto realizar nesta anualidade diversas actuacións para dar a coñecer a riqueza patrimonial e cultural de Galicia e difundilas dende os valores da nova marca turística creada, por valor de seiscentos sesenta mil euros, así como labores de enriquecemento e personalización da oferta turística actual a través de publicacións e apoios á comercialización dos produtos turísticos galegos, por un importe de máis dun millón e medio de euros.

Entre as publicacións previstas ou xa realizadas no presente ano atópanse a edición de novos folletos turísticos, como os de Aloxamentos senlleiros de Galicia, Turismo Rural, Guía de Hoteis e Apartamentos Turísticos, Guía de Cármpings ou de Establecementos de Calidade Turística, dalgunhas



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

publicacións de homenaxe co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e con motivo das datas conmemorativas que se celebran neste ano en torno a figuras senlleiras das nosas Letras, así como a edición do catálogo do libro infantil e xuvenil para a feira do libro de Bolonia, entre outras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

4

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727